

## NOTA INFORMATIVA

Comunícase que dende o día **1 ao 20 de marzo do corrente ano**, está aberto o prazo **para formalizar a reserva de praza para o curso 2023/2024** para todos os nenos e nenas que están na actualidade matriculados na Escola Infantil “ Os Pequerrechos”.

**Infórmase que o horario de funcionamento da escola infantil para este vindeiro curso 2023/2024 sufrirá modificacións**, quedando este horario da seguinte maneira:

**Horario de apertura .....**  
**6:45 h.**  
**Horario de peche.....**  
**19:30 h.**

Todos os interesados en continuar na escola infantil, deberán achegar xunto co impreso de reserva de praza, que estará a súa disposición nas oficinas municipais, na propia escola infantil ou ben na sede electrónica do concello, a seguinte documentación:



- Relación do núcleo de convivencia (certificado de convivencia) do concello onde resida a unidade familiar.
- Declaracións da renda correspondentes ao ano 2021 de todos os membros da unidade familiar ou certificado negativo de non ter presentada a dita declaración.
- Certificados actualizados dos horarios laborais dos pais.



Unha vez comprobada a realización deste trámite, estes alumnos/as terán garantido o acceso o novo curso

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica

O Alcalde

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

